- Búsqueda de datos complementarios á información xeral.
- Memorización comprensiva (coa elaboración de esquemas, sínteses, ect).

4. Avaliación.

- Probas escritas.
- Probas orais (resolución de exercicios na clase, exposicións orais).
- Actitude cara a materia, participación activa e nivel de seguimento da clase.
- Observación do traballo realizado na aula e fóra dela.
- Análise de producións individuais (caderno, actividades, comentarios e textos elaborados, exposicións orais) e colectivas (traballos, exposicións orais en grupo)

6.2. Outras decisións metolóxicas.

- **Agrupamentos:** faranse agrupamentos e desdobres cando sexa necesario para o grupo co fin de conseguir unha mellora do proceso de ensino-aprendizaxe, e ademais a dispoñibilidade horaria do profesorado e a organización do centro o permitan.

- **Tempos:** vaise seguir a temporalización establecida nas táboas de secuenciación (ver apartado específico desta programación), aínda que pode haber modificacións sempre e cando sexa necesario para axustar o desenvolvemento progresivo dos contidos ao ritmo do grupo. Para iso terase en conta o nivel de dificultade de cada parte e as necesidades que presente o alumnado no proceso de aprendizaxe.

En principio non está previsto realizar alteracións significativas no que respecta aos tempos de docencia, ao terse feito á hora da secuenciación un desconto nas sesións lectivas para realizar as probas de coñecementos e algún posible imprevisto. Tentarán aproveitarse outros tempos que poidan ser empregados interdisciplinarmente (por exemplo algunha actividade complementaria ou extraescolar que permita abordala en relación cos contidos que se desenvolven nesta materia ao longo do curso académico.

- **Espazos:** o espazo habitual será o da aula de refrencia do grupo clase, aproveitando que dispón de pizarra dixital e proxector, pero para determinadas actividades poderase optar pola sala de audiovisuais ou a biblioteca ao ofrecerem múltiples posibilidades de acceso á información en distintos formatos e soportes.
- **Materiais:** serán variados, e, ademais dos apuntamentos de clase e os cadernos de ortografía (1º e 2º ESO), utilizaranse textos extraídos de obras literarias, e tamén de xornais e revistas, tanto impresos como dixitais. Tamén serán de uso habitual os libros de lectura obrigatoria e/ou voluntaria, e os que están nas bibliocaixas de cada aula.

- **Recursos didácticos:**

- A pizarra convencional e/ou dixital
- Vídeo proxector do que se dispón na propia aula.
- Emprego de diversos materiais impresos (coma os referidos no epígrafe anterior)
- Utilización de material audiovisual: audios, fragmentos de programas e de versións cinematográficas de obras literarias... en xeral, calquera produción significativa en relación co currículo da materia. Para iso fasase uso dos medios de reprodución convencionais ou da visualización/audición na rede, segundo as posibilidades de cada momento.
- Páxinas Web específicas, nas que o alumno/a pode consultar información tanto relativa a cuestións lingüísticas de actualidade como datos acerca de autores/as, épocas e movementos literarios.
- Uso de dicionarios variados (etimolóxico, por exemplo) e libros de consulta básicos.
- Calquera outro tipo de material bibliográfico que contribúa, non só a completar o panorama da historia recente da lingua e literatura en castelá, senón tamén a súa relación estreita cos fenómenos históricos, sociais, económicos, filosóficos e artísticos de cada época.

Se fose necesario facer uso de recursos que están localizados noutros ámbitos do centro educativo, faríase atendendo á dispoñibilidade dos mesmos.

7. AVALIACIÓN

7.1.Procedementos de avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase en todos os cursos impartidos polo departamento a primeira semana de curso e consistirá nunha **proba escrita** que incluíra os seguintes apartados en función dos niveis tal e como se reflicte nos cadros que aparecen a continuación:

1º ESO	
Apartados	Porcentaxes
Comprensión oral e escrita	40%
Expresión escrita	40%
Cuestionario gramatical	10%
Cuestionario léxico	10%

2º ESO	
Apartados	Porcentaxes
Comprensión oral e escrita	40%
Expresión escrita	30%
Cuestionario gramatical	15%
Cuestionario léxico	15%

3º - 4º ESO	
Apartados	Porcentaxes
Comprensión oral e escrita	30%
Expresión escrita	30%
Cuestionario gramatical	20%
Cuestionario literario-comentario de texto	20%

1º-2º BAC	
Apartados	Porcentaxes
Cuestionario gramatical	20%
Cuestionario sintáctico	20%
Cuestionario literario	20%
Comentario de texto	40%

Tamén se terá en conta a **observación** dos **coñecementos previos** durante as primeiras semanas do curso a través de preguntas orais.

Os **resultados** desta avaliación inicial serán comunicados ó **alumnado** e computarán na súa cualificación como un traballo individual máis.

As **familias** dos alumnos serán informadas sempre que se considere necesario, especialmente naqueles casos nos que se detecten dificultades que precisen a realización de apoios e adaptacións curriculares.

Os resultados serán empregados para configurar a organización xeral do curso e para desenvolver os apoios e adaptacións curriculares pertinentes.

7.2.Procedemento de avaliación continua.

Farase como mínimo unha **proba escrita** por avaliación. Nesta proba prestarase especial atención á ortografía e á presentación, e descontarase a nota por estes conceptos. Tamén farán unha exposición oral en cada avaliación. Do libro (ou libros) de lectura obrigatorio/s o alumnado terá que facer un traballo ou un exame (será o profesor respectivo quen o decida para cada nivel e curso, tanto en ESO como en BAC) e obter a valoración de 'apto' para aprobar a materia (condición indispensable).

A avaliación é **continua** e farase a través da observación directa e o rexistro do traballo e das actividades e cada alumno/a. Ademais, terase en conta o esforzo e o interese que evidencia no seu proceso de aprendizaxe. As avaliacións serán tres, que coincidirán aproximadamente con cada trimestre e serán fixadas polo centro. Para superar cada avaliación, a maiores de demostrar que fixo as lecturas correspondentes, o alumnado deberá realizar as probas obxectivas sobre os temas tratados demostrando uns coñecementos mínimos (establecidos segundo o nivel académico), así como ter feitos os traballos de clase que sexan programados por cada un dos temas.

Os **criterios de cualificación** para cada avaliación serán os seguintes segundo o nivel que corresponda:

CRITERIOS CUALIFICACIÓN 1º ESO		
PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS	%	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
Contidos teóricos e procedimentais	40	Farase unha proba escrita como mínimo por avaliación na que os alumnos darán conta dos contidos da materia. A presentación e as faltas de ortografía poderán baixar a nota ata un máximo de 1,25 (desconto de 0,05 por cada unha). Se se realiza máis dunha proba, esixirase unha nota mínima para facer a media (1,5 sobre 4).
Traballo diario e actitude cara a materia	45	Revisión periódica do caderno de clase, realización habitual das tarefas e participación activa na aula.
Lectura obrigatoria	10	Farase un traballo (individual/grupo) ou un exame para cada unha das lecturas. Será condición <i>sine qua non</i> para aprobar ter demostrado a lectura.
Exposición oral	5	
Lecturas optativas	+	Cada lectura poderá sumar ata un máximo de 0,5 puntos que se engadirá á nota final na avaliación correspondente. A nota final deberá de ser de 3,5 como mínimo para que sumen as lecturas optativas.
CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA		
Requisitos	A media da 1ª e da 2ª avaliación será o 40% da nota final, e a nota da 3ª será o outro 60%. Para aprobar haberá que ter feitas as lecturas obrigatorias (ou outras alternativas establecidas pola docente), ademais de obter un 5 nese cómputo final.	
CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN FINAL EXTRAORDINARIA		
Requisitos	Ter un 5 na proba de setembro e ter lido como mínimo algunha das obras de lectura obrigatoria (ou outra/s alternativa/s propostas pola docente)	

CRITERIOS CUALIFICACIÓN ORATORIA 1º ESO		
PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS	%	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
Traballo diario	30	Revisión periódica do caderno/ <i>portfolio</i> do alumno/a. A presentación e as faltas de ortografía poderán baixar a nota ata un máximo de 1,25
Contidos teóricos e procedimentais	10	Farase unha proba como mínimo por avaliación na que os alumnos darán conta dos contidos da materia.
Exposición oral	40	O alumno realizará un mínimo dunha exposición oral por avaliación.
Actitude cara a materia e aos traballos propostos	20	Grao de participación, interese, colaboración en tarefas de grupo, puntualidade no cumprimento dos prazos para cada tarefa e na entrega de traballos.
CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA		
Requisitos	A media da 1ª e da 2ª avaliación será o 40% da nota final, e a nota da 3ª será o outro 60%, tendo que ser o resultado dese cómputo un 5 para aprobar.	
CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA		
Requisitos	Ter un 5 na proba de setembro.	

CRITERIOS CUALIFICACIÓN 2º ESO		
PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS	%	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
Contidos teóricos e procedimentais	50	Farase unha proba escrita como mínimo por avaliación na que os alumnos darán conta dos contidos da materia. A presentación e as faltas de ortografía poderán baixar a nota ata un máximo de 1,25 (desconto de 0,05 por cada unha). Se se realiza máis dunha proba, esixirase unha nota mínima para facer a media (1,5 sobre 5).
Traballo diario e actitude cara a materia	35	Revisión periódica do caderno de clase, realización habitual das tarefas e participación activa na aula.
Lectura obrigatoria	10	Farase unha proba (polo xeral, exame) para cada unha das lecturas. Será condición <i>sine qua non</i> para aprobar ter demostrado a lectura.
Exposición oral	5	
Lecturas optativas	+	Cada lectura poderá sumar ata un máximo de 0,5 puntos que se engadirá á nota final na avaliación correspondente. A nota final deberá de ser de 3,5 como mínimo para que sumen as lecturas optativas.
CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA		
Requisitos	A media da 1ª e da 2ª avaliación será o 40% da nota final, e a nota da 3ª será o outro 60%. Para aprobar haberá que ter feitas as lecturas obrigatorias (ou outras alternativas establecidas pola docente), ademais de obter un 5 nese cómputo final.	
CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN FINAL EXTRAORDINARIA		
Requisitos	Ter un 5 na proba de setembro e ter lido como mínimo algunha das obras de lectura obrigatoria (ou outra/s alternativa/s propostas pola docente)	

CRITERIOS CUALIFICACIÓN 3º-4º ESO		
PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS	%	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
Contidos teóricos e procedimentais	70	Farase unha proba escrita como mínimo por avaliación na que os alumnos darán conta dos contidos da materia. A presentación e as faltas de ortografía poderán baixar a nota ata un máximo de 1,5 puntos. O desconto ortográfico será de 0,10 por cada erro. Se se realiza máis dunha proba, esixirase unha nota mínima para facer a media (2,5 sobre 7).
Traballo diario e actitude cara a materia	15	Revisión periódica do caderno de clase realización habitual das tarefas e participación activa na aula.
Lectura obrigatoria	10	Farase unha proba (polo xeral, exame) para cada unha das lecturas. Será condición <i>sine qua non</i> para aprobar ter demostrado a lectura.
Exposición oral	5	
Lecturas optativas		Cada lectura poderá sumar ata un máximo de 0,5 puntos que se engadirá á nota final na avaliación correspondente. A nota final deberá de ser de 4 como mínimo para que sumen as lecturas optativas.
CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA		
Requisitos	A media da 1ª e da 2ª avaliación será o 40% da nota final, e a nota da 3ª será o outro 60%. Para aprobar haberá que ter feitas as lecturas obrigatorias (ou outras alternativas establecidas pola docente), ademais de obter o 5 nese cómputo final.	
CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN FINAL EXTRAORDINARIA		
Requisitos	Ter un 5 na proba de setembro e ter lido algunhas das obras de lectura obrigatoria (ou outra/s alternativa/s propostas pola docente).	

CRITERIOS CUALIFICACIÓN 1º BAC		
PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS	%	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
Contidos teóricos e procedimentais	80	Probas escritas, traballos, comentarios de texto. Cada falta de ortografía baixará 0.25 puntos. Por marxe, -0.25 puntos. Por mala presentación, ate -1 punto. Por todos estes conceptos poderase baixar ata un máximo de 4 puntos. Se se realiza máis dunha proba, esixirase unha nota mínima para facer a media (3 sobre 8).
Lecturas obrigatorias	20	Farase un exame ou un traballo de cada un dos libros obrigatorios. Será condición <i>sine qua non</i> para aprobar ter demostrado a lectura.
Lecturas optativas	+	Cada lectura poderá sumar ata un máximo de 0,5 puntos que se engadirá á nota final na avaliación correspondente. A nota final deberá de ser de 3,5 como mínimo para que sumen as lecturas optativas.
CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA		
Requisitos	A media da 1ª e da 2ª avaliación será o 40% da nota final, e a nota da 3ª será o outro 60%. Para aprobar haberá que ter feitas as lecturas obrigatorias (ou outras alternativas establecidas pola docente), ademais de obter o 5 nese cómputo final.	
CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN FINAL EXTRAORDINARIA		
Requisitos	Ter un 5 na proba de setembro e ter lido algunhas das obras de lectura obrigatoria (ou outra/s alternativa/s propostas pola docente).	

CRITERIOS CUALIFICACIÓN 2º BAC		
PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS	%	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
Contidos teóricos e procedimentais	80	Faranse unha proba escrita como mínimo por avaliación na que os alumnos darán conta dos contidos da materia. A presentación e as faltas de ortografía poderán baixar a nota ata un máximo de 2 puntos. O desconto ortográfico será de 0,25 por cada erro. Se se realiza máis dunha proba, esixirase unha nota mínima para facer a media (3 sobre 8).
Traballo habitual e seguimento das clases	20	Realización das tarefas (probas específicas de algún apartado do temario, entrega de comentarios e traballos esixidos, exposicións orais...)
Lectura obrigatoria	Apto / non	Farase un exame para cada unha das lecturas. Será condición <i>sine qua non</i> para aprobar ter demostrado a lectura.
Lecturas optativas	+	Cada lectura poderá sumar ata un máximo de 0,5 puntos que se engadirá á nota final na avaliación correspondente. A nota final deberá de ser de 4 como mínimo para que sumen as lecturas optativas.
CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA		
Requisitos	A media da 1ª e da 2ª avaliación será o 40% da nota final, e a nota da 3ª será o outro 60%. Para aprobar haberá que ter feitas as lecturas obrigatorias (ou outras alternativas establecidas pola docente), ademais de obter o 5 nese cómputo final.	
CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN FINAL EXTRAORDINARIA		
Requisitos	Ter un 5 na proba de setembro e ter lido as obras de lectura obrigatoria (establecidas pola CIUG).	

Cando un alumno non se presente ó exame terá que presentar un **xustificante oficial** ou non se lle repetirá o exame.

Como a **avaliación é un proceso continuo**, consideramos que as faltas de asistencia non xustificadas son totalmente contrarias a este proceso, polo que o alumno podería perder o seu dereito á avaliación continua e terá que presentarse ó exame final de xuño que incluíra toda a materia e no que terá que ter como mínimo un 5.

Dado o carácter progresivo dunha boa parte da materia (aspectos lingüísticos e coñecementos xerais de literatura), non se realizarán exames específicos de recuperación das probas non superadas nin das avaliacións suspensas, aínda que poderán establecerse outros mecanismos para permitir alumnado mellorar a nota correspondente a un exame / avaliación (propostas individualizadas), sempre e cando realice con regularidade co traballo habitual.

No que se refire ás etapas e movementos literarios que se estudan nos dous últimos curso da ESO e no BAC, non serán obxecto de avaliación continua.

A partir de 3º da ESO, tamén se considerará un condicionante significativo para a nota o feito de deixar partes en branco recurrentemente nas probas escritas -terán a mesma consideración as respostas "baleiras" de contido- e o feito de non amosar uns coñecementos

mínimos no ámbito da literatura ou ámbito lingüístico (menos do 20% da nota correspondente). Este caso equipararase a non obter a nota mínima para facer a nota media dos exames.

No caso de detectar que un alumno está copiando no exame, mediante o emprego de apuntes, gravacións...ou que substitúe as follas do exame por outras que xa trae cubertas, será amonestado retirándoselle o exame, que se calificará cun 0, e terá que presentarse obrigatoriamente á proba final de xuño ou setembro. Se se tratase da proba extraordinaria de setembro quedará sen posibilidade de recuperar a materia ata o curso seguinte.

7.3. Procedemento avaliación final.

A media da 1ª e da 2ª avaliación será o 40% da nota final, e a nota da 3ª será o outro 60%. Para aprobar haberá que ter feitas as lecturas obrigatorias (ou outras alternativas establecidas dende o Departamento), ademais de obter o 5 nese cómputo final.

Para aprobar o curso en xuño haberá que superar polo menos dúas avaliacións. Unha delas será obrigatoriamente a terceira.

O alumnado que non cumpra as condicións esixidas para aprobar, poderá realizar en xuño unha proba final (maio no caso de 2º BAC) na que terán que ter como mínimo un 5. Esta proba consistirá nun **exame** no que estarán representados, a través dunha serie de exercicios teóricos e prácticos, os catro bloques que constitúen a programación dos distintos cursos: comunicación oral e escrita e coñecemento da lingua e da literatura. Esixirase ao alumnado para poder presentarse á devandita proba final que:

a) fixeran a **entrega do 60% das tarefas previstas** ao longo do curso. En caso contrario, daraselle un prazo a tal efecto a quen non o fixo e queira optar a facer esta proba.

b) teñan superadas as probas correspondentes ás lecturas obrigatorias. Se non foi así, terán que facer unhas novas probas e optar a calificación de apto en cada unha delas.

Por outra parte, manteranse as esixencias referidas á obtención dunha nota mínima na parte correspondente á literatura ou na parte correspondente aos aspectos lingüísticos (mínimo obter o 25% en cada unha delas); tamén será un condicionante para o aprobado non deixar máis de tres preguntas en branco ou sen calidade suficiente para seren puntuadas.

Os **criterios de redondeo** serán os seguintes:

1. Todas as cualificacións por debaixo de cinco redondeanse por defecto.
2. No caso de cualificacións superiores a cinco aplicarase o redondeo matemático; é dicir, se as décimas da cualificación superan ou igualan ao cinco, a nota será o seguinte número natural e no caso contrario, o natural anterior.

Os **criterios que segue o centro para a promoción** son os que figuran no decreto 86/2015 de 25 de xuño:

Os alumnos e as alumnas terán promoción de curso na **ESO** no caso de superaren todas as materias cursadas ou teren avaliación negativa en dúas materias como máximo, e repetirán curso cando teñen avaliación negativa en tres ou máis materias, ou en dúas materias

que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.

De forma excepcional poderá autorizarse a promoción dun alumno ou dunha alumna con avaliación negativa en tres materias cando se dean conxuntamente as seguintes condicións:

- a) Que dúas materias con avaliación negativa non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.
- b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias con avaliación negativa non lle impide ó alumno ou á alumna seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiaría a súa evolución educativa.
- c) Que se lle apliquen ó alumno ou á alumna as medidas de atención educativa propostas no consello orientador.

O alumnado obterá a promoción de primeiro a segundo de **bacharelato** cando teñan superadas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias, como máximo. En todo caso, deberán matricularse en segundo curso das materias pendentes de primeiro. Os centros docentes deberán organizar as consecuentes actividades de recuperación e a avaliación das materias pendentes.

Para os efectos deste apartado, só se computarán as materias que como mínimo se deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que os alumnos e as alumnas poidan cursar máis materias do devandito bloque. Sen superar o prazo máximo para cursar o bacharelato indicado no artigo 28.3, os estudantes poderán repetir cada un dos cursos de bacharelato unha soa vez como máximo, aínda que excepcionalmente poderán repetir un dos cursos unha segunda vez, logo dun informe favorable do equipo docente.

A consellería con competencias en materia de educación establecerá as condicións nas que alguén que cursase o primeiro curso de bacharelato nunha determinada modalidade poidan pasar ao segundo nunha modalidade distinta. O alumnado que ao termo do segundo curso tivesen avaliación negativa nalgunhas materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas, ou optar por repetir o curso completo.

7.4. Procedemento avaliación extraordinaria.

O procedemento da avaliación extraordinaria consistirá nunha proba de carácter escrito e práctico que terá, polo xeral, os seguintes apartados: comprensión e/ou escrita, expresión escrita, exercicios de tipo gramatical e desenvolvemento de cuestións literarias. Ademais, adxuntarase a proba correspondente á lectura (ou lecturas, de ser o caso) se non demostrou a súa realización ao longo do curso.

A **proba de avaliación extraordinaria** terá o mesmo formato e condicións de execución que a devandita avaliación final (ter superadas as probas correspondentes ás lecturas obrigatorias ou facer un novo exame específico ao respecto). En canto á cualificación, tamén se mantén a **esixencia do mínimo** do 25% nas dúas partes para considerar superada a proba.

A proba de avaliación extraordinaria consistirá nun exame no que se recollen as cuestións teóricas e prácticas que se consideran máis relevantes do conxunto da programación desenvolvida ao longo do curso.

7.5. Procedemento de recuperación e avaliación de pendentes.

O alumnado que teña a materia pendente manterá reunións periódicas co profesor correspondente¹ que lles propondrá as seguintes tarefas:

- Realización de esquemas de determinados temas.
- Exercicios prácticos: análises sintácticas, morfolóxicas, resúmenes de textos.
- Análise e comentario de textos literarios relacionados cos períodos obxecto de estudo en cada nivel.
- Corrección colectiva de exercicios e resolución de dúbidas plantexadas polos alumnos.

Os alumnos e alumnas que non sigan este plan de traballo terán que presentarse os exames extraordinarios de maio e setembro para superar a materia pendente, a excepción de quen supere os mínimos esixidos na primeira e na segunda avaliación da materia de Lingua Castelá e Literatura no curso no que estea matriculado este ano académico: nese caso considerarase que recuperou a materia pendente previa.

A nota da materia de Lingua Castelá e Literatura pendente na ESO para quen se acolla á entrega de tarefas con regularidade, distribuirase da seguinte forma: o 60% a nota do exame e o 40% a nota dos traballos que teñen que realizar ó longo das tres avaliacións.

En canto á materia pendente de 1º BAC a profesora de referencia (2º BAC) deseñará as actividades de recuperación que considere necesarias para que o alumno/a acade, mediante un esforzo extra, unha nota satisfactoria na materia. Ditas actividades poderán consistir en:

- Realización de probas orais e/ou escritas.
- Realización de traballos de calquera tipo.
- Lectura de obras literarias escollidas polo/a profesor/a.
- Realización de exercicios de calquera índole, a criterio do/a profesor/a.

No caso concreto do bacharelato, quen supere os mínimos esixidos na primeira e na segunda avaliación da materia de Lingua Castelá e Literatura en 2º BAC, só terá que realizar a maiores unha proba de contidos da literatura correspondente ao curso previo e facer as probas de lecturas fixadas polo departamento para ese nivel académico.

1 Da recuperación do alumnado coa materia pendente dalgún curso anterior encargárase a profesora que lle imparta a materia no presente curso, en coordinación coa xefa de departamento, realizando un seguimento específico da súa evolución no nivel no que está matriculado.

8. OUTRAS AVALIACIÓNS

8.1.- Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente

8.1.- Avaliación do proceso de ensino e de práctica docente (Indicadores de logro)	Escala			
	1	2	3	4
Proceso de ensino:				
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				

Práctica docente:	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanase explicacións xerais para todo o alumnado				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
6.- Incorpóranse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?				
9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
13.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
14.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

8.2. Avaliación da programación didáctica

Mecanismos de revisión
<p>Para ter un seguimento adecuado da programación revisárase de maneira xeral (en canto ao nivel de desenvolvemento do currículo previsto) cada trimestre (unha vez analizados os resultados do alumnado) e ao final do curso académico farase unha análise máis pormenorizada desta programación didáctica no seu conxunto e dos distintos epígrafes que a integran, tendo en conta os resultados académicos obtidos, o maior ou menor nivel de satisfacción do profesorado, e os diversos condicionantes e circunstancias que influíron durante o ano.</p> <p>No caso de detectar un desfase significativo entre as previsións e o desenvolvemento da materia, estableceranse medidas de compensación específicas, modificando os tempos e reorganizando os contidos (tentando non obviar ningún) para facilitar o desenvolvemento normal do curso e acadar os obxectivos propostos.</p>

7.2.- Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica (Indicadores de logro)	Escala			
	1	2	3	4
1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?				
18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				
21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)				
30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso				
31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

9.1. Medidas ordinarias.

As medidas ordinarias de atención á diversidade que se contemplan na seguinte programación atenden ós seguintes niveis: a programación, a metodoloxía e os materiais.

En canto aos criterios, os máis destacados neste sentido son:

- A secuenciación nunha orde crecente de dificultade e de especialización.
- A programación de contidos para a adquisición de métodos, técnicas e estratexias. Preténdese con iso mellorar de forma progresiva e secuenciada as habilidades da lectura, escritura, localización, comprensión, interpretación e representación gráfica da información. A finalidade perseguida é que cada alumno/a poida desenvolver un traballo autónomo que lle permita progresar ao seu ritmo.
- A progresión de actividades de reforzo e ampliación. Son actividades de síntese e repaso de materia vista en cursos anteriores.

En relación á diversidade nas metodoloxías haberá que atender á:

- Importancia da linguaxe persoal de cada alumno como eixo do proceso didáctico. O punto de partida serán os usos persoais da linguaxe. A expresión oral e escrita traballarase cun método individualizado a partir da competencia de cadaquén. Pero, isto non quere dicir que o estudante traballe de forma aillada, xa que hai que atender á socialización acorde coa función comunicativa da linguaxe e introducir mecanismos de cooperación: traballos en grupo, postas en común, debates, etc...
- A organización secuenciada e progresiva das actividades. Cada actividade será un paso que conduza á adquisición dun determinado procedemento.

En canto á atención á diversidade nos materiais utilizados: ademais dos apuntamentos de clase, ofrecerase aos alumnos outros materiais que poderán empregarse segundo as necesidades individuais de cada un: antoloxías, cadernos de gramática, ortografía, expresión. O alumnado de 1º e 2º de ESO terá obrigatoriamente un caderno de ortografía en cada curso.

No que se refire ao BAC, non se contemplan medidas nin ordinarias (nin organizativas nin curriculares) nin extraordinarias específicas de atención á diversidade máis aló das propostas puntuais de reforzo ou ampliación que se decidan aplicar en función das necesidades concretas observadas entre o alumnado que conforma o grupo clase. Neste sentido, realizarase un especial seguimento ao alumnado de nova incorporación e ao que xa en cursos precedentes tivo problemas coas materias do ámbito lingüístico.

9.2. Medidas extraordinarias.

En relación ás medidas extraordinarias de atención á diversidade temos un alumno con autismo en 3º de ESO cunha adaptación curricular significativa da materia (nivel de 3º de Primaria) e outro alumno de similares características en 3º ESO PEMAR. Reciben na maioría atención individualizada por parte das profesoras de Pedagogía Terapéutica. Hai un alumno de 1º de ESO con desfase curricular en valoración para determinar as medidas correspondentes.

10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Para o curso 2019-2020 contémpase a realización das actividades complementarias e extraescolares que se detallan a continuación (moitas delas sen confirmar aínda debido á premura da entrega da documentación, pero recollidas na Programación Xeral Anual):

- Participación nas actividades de dinamización da **biblioteca**: Eva Teijeiro forma parte do equipo correspondente; ademais, promoverase que os alumnos/as participen no Club de Lectura do centro e respectaranse os tempos fixados para a **Hora de Ler** na ESO.

- Eva Teijeiro será a responsable no centro do **Proxecto Donas de Si**, cuxo obxectivo é a visibilización da muller, e tamén do **Club de Letras**, que traballará a igualdade a través de textos diversos, interdisciplinarmente, incidindo na interpretación crítica dos seus contidos. Establécese a participación da práctica totalidade dos niveis académicos do centro.

- Elena Haz está interesada en continuar coa **actividade de “radio”** iniciada no curso 2011-2012. Esta proposta supón a gravación dunha serie de contos por parte do alumnado de 1º ESO, previsiblemente no estudio de radio da Facultade de Xornalismo de Santiago, para logo seren emitidos na SER de Vilalba (como en anos anteriores).

- Celebración da 9ª edición do **Concurso de Ortografía** do IES Poeta Díaz Castro (todos os cursos da ESO).

- Realización dun **obradoiro de escritura e/ou charla** en relación co mundo das letras por parte de algún **escritor/a**. Aproveitarase a presenza da Asociación Cultural Xermolos e do Grupo de Poesía Guitirica na contorna para establecer algunha forma de colaboración.

- En colaboración con Departamento de Plástica, promover a **ilustración dun texto** e organizar unha **exposición de libros ilustrados e novelas gráficas**, para achegar ao alumnado a diversidade de formatos e temáticas presente neste tipo de obras.

- Organizar fóra da aula algunha actividade que implique a diferentes niveis educativos, na que teña lugar a lectura pública en voz alta, o recitado de textos poéticos, a elaboración de marcapáxinas, redacción de pequenos textos de creación propia... para conmemorar datas significativas como o Día dos Dereitos Humanos ou Día da Non Violencia.

- En colaboración co Departamento de Música e a Biblioteca, promover realización en público (e nalgúns casos, a gravación) de breves presentacións de libros.

- Realizar **caligramas e recreacións de textos polo Día de Rosalía** (24 de febreiro).

- Como en anos previos, en 3º da ESO o departamento participará na organización dos roteiros “A fábrica de poetas” e “Un neno de aldea”. Os dous teñen como guías estudantes dese nivel académico e supoñen un percorrido pola contorna próxima, un deles centrado en aspectos antropolóxico e o outro, máis do ámbito literario e cultural.

- Elaboración de artigos, textos de creación propia e outros materiais para a revista do centro, se volve editarse este curso escolar, en formato físico ou dixital.

- Participación colaborativa en todos os niveis educativos co proxecto de centro para este curso (título aínda sen establecer) que abordará o medio, o cambio climático e o lixo.

A maiores das devanditas propostas, incorporaranse outras actividades de interese que poidan surxir, sempre que resulten asumibles economicamente, as datas de realización non supoñan unha alteración grave da actividade didáctica e sexan consideradas relevantes para o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado (na súa totalidade ou de algún grupo en particular).

Tamén se aproveitarán na medida do posible outras actividades complementarias e extraescolares organizadas no centro (charlas, saídas, conmemoracións diversas) para ofrecer ao alumnado algunha proposta derivada en relación coa materia de Lingua Castelá e Literatura.

En xeral, este departamento didáctico fomentará a participación do alumnado nas distintas actividades complementarias e extraescolares que teñan lugar ao longo do curso, ao considerar que é unha fórmula de aprendizaxe lúdica e interdisciplinar que contribúe ao desenvolvemento e adquisición de todas as competencias. Por iso, colaborárase todo o posible cos departamentos que as organicen, especialmente coa Biblioteca, o EDL, e tamén co de Educación Física (Proxecta Deporte Escolar, ao que Elena Haz contribúe).

11. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Ó PLAN LECTOR

Un dos obxectivos fundamentais da materia de Lingua Castelá e Literatura é que as rapazas e os rapaces incorporen a lectura como fonte de pracer e como forma de enriquecemento persoal. Para acadar esta meta é necesario que practiquen a lectura habitualmente e que os textos que manexen sexan de diferentes temáticas e xéneros literarios. Aínda que se propoñen con finalidade didáctica, este departamento establece unha ampla **listaxe de lecturas** (entre as obrigatorias e as voluntarias) pensadas para diversos gustos e intereses – tamén para niveis lectores variados-; búscanse propostas atractivas, agardando que entre elas atopen libros do seu agrado e consideren a lectura unha alternativa de lecer.

Ademais, como se expuxo no apartado anterior, promóvense e colabórase en distintas actividades complementarias dirixidas ao fomento da lectura, sendo as máis significativas:

- a proposta diaria de **“Hora de ler”** en cada curso da ESO, que consiste en adicar vinte minutos diarios á lectura. En xeral, déixase que o alumnado escolla libremente que ler.
- o **Club de Letras**, actividade de lectura dirixida cara á temática da igualdade, con materiais moi diversos, para abri-lles un abano de posibilidades interpretativas.
- o **Club de Lectura** da biblioteca, que permite as recomendacións de lecturas e os comentarios compartidos sobre un mesmo libro entre a rapazada.
- o “Minuto libro” da biblioteca, que anima a que presenten a compañeiros/as unha obra

Igualmente seguimos tamén a recomendación pedagóxica de levar de cando en vez algún libro ou xornal á clase para espertarlles ao alumnado certas curiosidades sobre o que se está a escribir e o que está no mercado nestes momentos.

Xa no nivel máis académico -utilización da lectura como fonte de coñecementos- este departamento segue contribuíndo, dentro dos **Contratos-programa** ao apartado de Mellora da competencia lingüística (incidindo especialmente na **comprensión lectora**) e ao de Mellora do nivel de coñecementos para acadar a excelencia (1º e 3º da ESO).

12. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Ó PLAN TIC

En todos os cursos da ESO e de BAC fomentárase o uso das TIC na aula para traballar os contidos impartidos. As actividades propostas son as seguintes:

- Utilización de textos dalgúns páxinas web, como as que aparecen a continuación.

www.cervantesvirtual.com

www.labiblio.com

www.el-castellano.com

www.santillana.com

www.geocities.com/Paris/5698

www.telemania.com

www.pntic.mec.es

www.ups.edu/faculty/velez/Span_402/Lazaro.htm

www.spanish-books.net/literatura.htm

www.ciudadfutura.com/camelot/indexcid.htm

www.rae.es

www.proel.org

www.lenguayliteratura.com

www.terra.es/personal4/auladeletras

www.garcilaso.org

www.luis.salas.net/index.htm

www.cnice.mecd.es

<https://www.pictotraductor.com/>

- Promover o uso do correo electrónico coma unha forma de empregar a linguaxe para comunicarse e escribir mensaxes coherentes.
- Aprender a crear un blogue / contribuir á súa colaboración nalgún blog ou espazo web que xa exista (previa valoración positiva da súa calidade), no que poidan expresar opinións sobre libros, recomendar lecturas, colgar as súas creacións, etc...
- Recomendar o uso habitual do dicionario de lingua castelá da páxina web www.rae.es
- Acceso regular á páxina web do centro e aos diversos blogs aloxalos nela, para que se acostumen a manexarse en espazos na rede e atopar información e enlaces relevantes.
- Empregar os distintos buscadores de Internet como medio de investigación de cuestións lingüísticas plantexadas en clase.
- Utilizar para o traballo na aula / fóra dela procesadores de textos, correctores ortográficos, dicionarios y enciclopedias virtuales y periodicos digitales.
- Acceder a material audiovisual de interese para a materia (películas, documentais, reseñas de obras, entrevistas, audicións e cancións, recitados poéticos) a través da rede.
- Familiarizar ao alumnado coas presentacións e outros soportes dixitais e audiovisuais para as exposicións orais e para outras actividades pertinentes para o currículo.

13. DATOS DO DEPARTAMENTO

Materia	Curso	Grupos	Profesora
Lingua Castelá e Literatura	1º ESO	A e B	Elena E. Haz Gómez
Oratoria	1º ESO	A-B	Elena E. Haz Gómez
2ª Lg. Estranxeira: Portugués I	1º ESO	A-B	Elena E. Haz Gómez
Lingua Castelá e Literatura	2º ESO	A e B	Eva Mª. Teijeiro Suárez
Lingua Castelá e Literatura	3º ESO	A	Eva Mª. Teijeiro Suárez
Lingua Castelá e Literatura	4º ESO	A	Eva Mª. Teijeiro Suárez
Lingua Castelá e Literatura	1º BAC	A	Elena E. Haz Gómez
Lingua Castelá e Literatura	2º BAC	A	Eva Mª Teijeiro Suárez

